

Annuario Sancti Iacobi, 12 (2026), pp. 215-236.
e-ISSN: 3101-5816

José María Díaz. As músicas humanas e divinas dunha vida exemplar

JOSÉ MARÍA DÍAZ. THE HUMAN AND DIVINE MUSIC OF AN EXEMPLARY LIFE

FERNANDO REYES FERRÓN

Director de Resonet-Música Antiga

Recibido: 08/03/2026

INTRODUCCIÓN

O actual cóengo arquivista da catedral de Santiago, Francisco Buide, amigo e antigo alumno de música no Seminario Maior de Santiago, propúxome facer un artigo sobre o seu antecesor no cargo. Bo coñecedor da miña traxectoria, nalgúns momentos da miña vida persoal e profesional coincidentes co anterior arquivista e deán, pensou que podería achegar algo interesante, enriquecedor ou cando menos orixinal sobre a persoa de don José M.^a Díaz. Suxeríame contribuír así á merecida lembranza deste. Non debería ser un artigo científico, deses que pasan avaliacións "a dobre cego"; rigoroso nas formas, "pulcras", e moi obxectivas, dos que se publican en revistas de prestixio. Propúxome unha achega moi persoal que quizais contribuíse, aínda que un

pouquiño, a completar a visión que puidera quedar de tan importante persoeiro en tempos futuros. Pareceume moi ben esa idea. As achegas, libres de *corsés*, de persoas que o trataron e coñeceron podían ser interesantes para, dalgún xeito, "obxectivar" a súa memoria. Aceptei, honrado e sabedor de que a miña contribución podería ser pequena, pero tamén de que tocaría espazos da memoria que de forma estritamente académica terían difícil tratamento e comprensión. En todo caso a miña apreciación, aínda que baseándose en feitos concretos, sería claramente subxectiva. E se non o fora, non sería eu quen a catalogara de obxectiva. Tería, inevitablemente, que falar de min, da miña experiencia e do meu traballo como músico especializado na interpretación da Música Antiga, pero tamén da miña traxectoria persoal, musical, profesional, educativa... sempre con momentos moi ligados á catedral de Santiago. Algunhas persoas coñecen moi ben a miña traxectoria vital e profesional, pero iso non sucedería coa maioría dos posibles lectores. Sen a descrición dalgúns destes aspectos persoais non se podería entender a miña presenza na homenaxe que se trata de proxectar. Iso prodúceme certa inquedanza e incomodidade, pero asúmoas sen problema. Se algo podo engadir á humanización ou á mitificación da figura do lembrado deán iso xa pagaría a pena. Dubido de que se poida homenaxear doutra maneira a don José M.^ª Díaz. Eu non sabería facelo. Non me gusta falar de min cando o que se pretende é homenaxear alguén que chegou tan alto. Pero si non o fago non se poderán entender os aspectos que me vexo animado a describir xa que quizais outros colaboradores non os tocarían. Un sentimento de profunda admiración e agradecemento, aos dous arquiteiros, impulsoume a aceptar a orixinal proposta de Francisco Buide.

Don José M.^ª Díaz foi unha persoa moi especial. Desas que no mundo da cultura e da relixión son necesarias. Poderíamos quizais caer na trampa de pensar que era unha persoa do mundo antigo, dun mundo que xa non ten razón de ser hoxe. Pero non. Foi e é un modelo de persoa das que son totalmente necesarias hoxe para unha das tarefas máis importantes: recuperar urxentemente unha sociedade altamente humana e espiritual, dinámica, xusta, digna, compasiva, comprometida, sen a que tanto a mesma sociedade en xeral como institucións relixiosas e civís estarían dirixidas ao fracaso. Unha sociedade onde o individuo non sexa eclipsado por modelos proxectados por unha colectividade paralizante en favor de quen sabe que intereses. Bondade profunda, fragilidade case infantil, conviccións firmes, cultura desbordante, fe incorruptible, compromiso coa verdade e unha forza titánica, resultado da conxunción daquelas, e sen medo a crear inimigos e sólidas amizades en calquera bando, son algúns dos trazos da súa personalidade por min apreciados en José M.^ª Díaz na relación de anos e dende diferentes prismas. Como neno escolano na catedral, mozo cantor na capela musical, profesor de Música no

Seminario Maior, investigador e director de *Resonet*, puiden apreciar diferentes virtudes do cóengo, deán e arquiveiro.

O primeiro punto de vista foi un dos que mellores e máis fiables conclusións poden xerar á hora de coñecer unha persoa, polo menos en certos aspectos destacables: o do neno, o neno de coro que en moitas ocasións tamén foi acólito na catedral de Santiago, espazo onde estaba radicada a miña escola primaria. Cheguei á catedral de Santiago, un ano despois de que Díaz gañara a oposición de cóengo. Foron seis anos, dende os 8 aos 13, nos que formei parte da escolanía *Ángeles de Compostela*, escola primaria e a miña primeira escola de Música. Dende esa pequena torre de observación, a idade moi temperá, puiden ver como o mundo dos adultos dividíase entre os que finxían nas relacións con outros adultos pero non con nenos, seres se non inferiores, non dignos de provocar "comportamentos finxidos" e os que en todo momento mostraban dignidade, coherencia, bondade, decisión, implicación, responsabilidade nas funcións que tiñan asignadas e na súa relación con outras persoas. Os nenos, para estes adultos, contabamos como individuos e como persoas e eramos tratados con total normalidade e consideración. José María Díaz, e outros dos seus compañeiros cóengos e clérigos beneficiados estaban entre estes. Sempre elegante e concentrado, con xesto amable e, algo que chamaba a atención cando axudábamnos nas misas matinais, participando sempre esperto¹ e atento, con voz plena e precisa, nos cantos antifonais de laudes previos á misa de coro. Destacaba nel a sensación permanente de estar cumprindo unha misión importante. Co tempo eu vería que esa sensación respondía a unha actitude que sempre sería unha das características máis salientables da súa personalidade. Hoxe teño a certeza de que cumpriu non só unha misión, senón varias e de moita importancia.

No presente relato, destacarei tres situacións que eu vivín, que para min foron de grande importancia, pero que, sobre todo, mostran con claridade algunhas das características máis memorables e exemplares de don José María

¹ Lembro aínda con asombro como, nesas celebracións matinais das "laudes", previas á misa de coro, arredor das nove da mañá, algúns cóengos, por momentos, durmían e mesmo roncaban nos seus sitios mentres outros cantaban as antifonas correspondentes. Algúns mesmo o facían en maior ou menor medida case todos os días, o que provocaba estupor entre os nenos que, por certo, tiñamos que estar ben espertos. Claramente, facer iso diante de catro "monaguillos", que observabamos atónitos a semellante espectáculo, non lles provocaba ningún pudor nin ningún cargo de conciencia. Era como se ninguén os vira. Evidentemente outros, entre os que estaba don José M.^ª Díaz e destacaban don Jesús Precado, o sochantre e os salmistas, mantiñan o canto antifonal con dignidade e preciosas e retóricas voces que aínda lembro con nitidez.

Díaz. Como xa escribín arriba, ao meu pesar, preciso aquí incluír unha contextualización do meu traballo como músico, como profesor de música do Seminario Maior (entre 1990 e 1996) e como director de *Resonet*. Só así se poderán entender esas tres situacións nunha medida máis ou menos xusta. Tentarei, nisto, ser moi breve e conciso.

Despois de medrar como persoa e como músico entre os muros da catedral de Santiago, formando parte da escola/escolanía da catedral baixo a dirección do mestre Nemesio García Carril, seguí en contacto coa música nun camiño que levaría á miña actual dedicación profesional plena. Os anos na catedral, coma neno pero interpretando músicas das máis excelsas² en situación de "fogo real", de efecto altamente educativo, pero de pouco adorno pedagóxico, foron o combustible inesgotable para realizar un percorrido moi longo de estudo e de dedicación que hoxe continúa. Posteriormente aos anos da escolanía e, despois de 10 anos cantando no Orfeón *Terra á Nosa*, compaxinados cos estudos de Música no Conservatorio de Santiago e de Maxisterio e Ciencias da Educación na U.S.C., decidín dedicarme ao estudo e difusión da Música Antiga. Os anos na catedral³ e no Orfeón *Terra á Nosa* foron decisivos para eu saber que as obras musicais de tempos pasados poderían ser a base da miña vida profesional. Un ámbito patrimonial apaixonante e claramente necesitado de profesionais con formación de elite. Interpretación e ensino serían as bases da miña futura e humilde contribución á sociedade. Dar nova vida a xoias patrimoniais do pasado, pezas tan importantes para comprender, entender e sentir o conxunto do patrimonio, era motivo suficiente para consagrar a vida a esa tarefa. Xa no inicio dos anos 90, ao mesmo tempo que, unha vez finalizados os estudos universitarios de Educación, dirixía un anovador proxecto de educación musical no Seminario Maior de Santiago, asistía aos cursos de Música Antiga do Conservatorio de Toulouse (Francia).

Lembro aquí que boa parte das miñas conversas con José M.^a Díaz foron nos corredores do Seminario Maior, cando coincidíamos, eu indo ou vindo de impartir clases ou ensaios e el indo ou vindo a visitar seminaristas aos que acompañaba e animaba, como director espiritual, nesa tarefa de converterse en sacerdotes, consciente da importancia e dificultade de tal dedicación. Sempre preguntaba sobre a Música, curioso de como ían os seminaristas na aprendizaxe

² Podo lembrar aquí autores, interpretados habitualmente pola escolanía en funcións litúrxicas da catedral, como Tomás Luís de Victoria, Palestrina, Diego de Muelas, Viadana, Domenico Bartolucci, e obras do repertorio gregoriano, do Códice Calixtino e do mesmo Nemesio García Carril, entre moitos outros.

³ Á catedral volvería xa con 20 anos para formar parte durante varios anos, coma tenor, da capela musical dirixida por Miro Moreira.

desta arte, e comentaba o seu valor como "ferramenta" esencial para a función pastoral, evanxélica e social dos futuros sacerdotes.

O paso seguinte na miña formación foi trasladarme a Alemaña para realizar os estudos superiores de Música Antiga na *Musikhochschule* (facultade de Música) estatal de Trossingen. Aquí teño que destacar o apoio total que tiveron por parte do reitor do Seminario, lugar onde traballaba antes de trasladarme a Alemaña, Uxío Romero, que me alentou a seguir ese camiño, mesmo sen deixar de dirixir o proxecto educativo musical no Seminario mentres el fora reitor deste centro. Unha vez finalizados os estudos (que posteriormente prolongaría tres anos máis) decidín dar o paso definitivo á profesionalización tanto como instrumentista e director musical como do grupo de Música Antiga *Resonet*, co que xa, en formato *amateur*, levaba 10 anos realizando concertos e proxectos educativos.

A volta a Galicia, pensando en contribuír á difusión e recuperación da nosa cultura musical, tan importante no que respecta ao coñecemento do patrimonio cultural e espiritual en xeral, precisaba de persoas e institucións que puidesen intuír ou apostar por nós, ou cando menos entender cal sería a nosa posible contribución nun ámbito que estaba claramente subdesenvolvido ou en estado embrionario. Ese ámbito era precisamente o da interpretación da Música Antiga, a que abrangue dende a Idade Media ata o período clásico⁴. O ámbito temporal de maior produción musical a todos os niveis na historia de Galicia e da catedral de Santiago. A idea de que o estudo e digna difusión do repertorio musical histórico contribúe ao coñecemento, difusión e desfrute de todo o patrimonio cultural, social e espiritual, en xeral, nos que ese repertorio está totalmente integrado, foi e é o vértice principal da miña dedicación á Música.

Precisabamos entón, como hoxe precisa toda persoa que siga un camiño similar, de persoas que compartisen esta idea básica e intuísen en nós un potencial avalado por unha formación altamente especializada nos máis importantes centros europeos. Claramente, ou iso pensaba eu, tiñamos algo que aportar á sociedade, en concreto ás compostelá e galega. A forma de chegar a

⁴ Neste aspecto son excepcións as valiosísimas achegas ao repertorio clásico galego de Xoán Trillo tanto como músico como director da Xoven Orquesta de Galicia, organización que, sendo de finalidade principalmente educativa con fins ao profesionalismo, afrontou, xunto co Orfeón Terra á Nosa e a Capela Musical da catedral de Santiago, dirixidos polo competente director Miro Moreira, repertorios galegos históricos con altos graos de calidade. Gracias a estes mestres en Galicia difundíuse durante anos a obra de autores tan importantes como José de Vaquedano, Diego de Muelas, Melchor López, Buono Chiodi, José Pacheco, e moitos outros tamén de períodos posteriores.

materializar esa contribución non era nin clara nin doada. Iso non se pode forzar. Ou se entende ou non. Non se pode ir enviando curriculums e petando nas portas dicindo: "Eu e o meu grupo somos especialistas na interpretación da Música Antiga. Somos moi bos, e o facemos moi ben...e o facemos profesionalmente...O patrimonio musical require polo menos o mesmo tratamento especializado que os demais ámbitos patrimoniais...". Iso non funciona. Nin en Santiago, nin en Galicia, nin en España. Precísanse persoas cultas e con independencia de pensamento, pero tamén con responsabilidades de acción, que entendan inmediatamente, sen necesidade de explicación, o que eses profesionais con dedicación, capacitación e experiencia poidan aportar á sociedade a través do que só eles poden acadar co tratamento desas obras patrimoniais. Esas persoas existen e José M.^a Díaz era unha delas. A fin de contas eles, as institucións que representan e a sociedade mesma poderían sacar algún beneficio da colaboración coas persoas con preparación especializada, dedicación total e prestixio contrastado.

Persoas como Xosé Manuel Rodríguez Abella, pedagogo do Concello de Santiago, director do Departamento de Educación, co que xa levabamos colaborando en propostas educativas dende o ano 1993 e Bieito Pérez, ao que sucedeu eficazmente Esperanza Gigirey, directores do Museo das Peregrinacións e de Santiago (MPdS), co que comezamos a colaborar unha vez profesionalizados, foron sen dúbida as persoas que máis entenderon e contribuíron a que *Resonet* desenvolviera parte da tarefa que tiña asumida e autoasignada. Despois de proxectos de concertos educativos e creación de unidades didácticas, cursos de formación de mestres, co Departamento de Educación compostelán, chegaron as primeiras gravacións co MPdS, iniciando *As Músicas de Santiago*. Este gran proxecto, que hoxe conta con 11 gravacións concretadas no mesmo número de cds con documentación en cinco idiomas e o dobre de programas de concerto, centrou e centra moita da nosa atención dende o ano 1999. *Resonet* mostrábase como un grupo profesional, con músicos formados nos máis importantes centros de educación europeos, dedicado á interpretación, baixo parámetros de máxima calidade, de repertorio relacionado co Camiño de Santiago e con Compostela con fondas raíces na mesma catedral de Santiago. Bieito Pérez, director do MPdS, comprendeu e asumiu con responsabilidade, profesionalidade e ilusión que *Resonet* podería contribuír de modo importante ao coñecemento e goce do patrimonio xacobeo. *Resonet* podería converterse así nun exemplo que contribuíse a cambiar os parámetros dos axentes destinados á interpretación e recuperación do patrimonio en xeral e musical, en concreto, relacionado con Galicia e con Compostela e os seus camiños. O resultado desa colaboración é unha xa gran colección de gravacións con máis de 250 obras interpretadas e fixadas para a posteridade por *Resonet*,

que son indiscutiblemente parte do patrimonio xacobeo. José M.^ª Díaz foi testemuña clave dese proceso creativo, sempre atento e informado dos nosos pasos, tanto nas conversas que mantivemos ao longo dos anos coma a través de persoas coñecedoras do noso traballo ou as publicacións con nós relacionadas. El tamén sería unha desas persoas que nos abrirían as portas colaborando de forma importante na realización de varios deses proxectos. No caso de *Resonet*, o proxecto *As Músicas de Santiago* descubriu parte dun universo patrimonial que aínda ten galaxias por explorar.

AS CONVERSAS CON DON JOSÉ MARÍA DÍAZ NO ARQUIVO DA CATEDRAL

A investigación, e sobre todo a interpretación, é dicir, converter as partituras en sons, en concertos e gravacións, dende a perspectiva profesional, aportada potencialmente por *Resonet* e por min precisaban e precisan de persoas e institucións que comprendesen e tomasen decisións consecuentes para a difusión do patrimonio musical e, consecuentemente, para beneficio da sociedade en xeral. A Música é parte esencial e indivisible do patrimonio cultural e relixioso. Esta foi unha temática recorrente nas miñas conversas con José M.^ª Díaz. A súa atención e intelixentísima perspectiva enriqueceron a miña visión sobre o que poderíamos aportar co estudo e interpretación da música histórica de Galicia e da relacionada coa catedral de Santiago e os camiños que levan a Compostela. Conversas que lembraban as que xa tivera con Uxío Romero Pose, o reitor do Seminario Maior de Santiago, cando eu fora profesor de Música nese importante centro de formación. A Música era e é un recurso potente para a expresión relixiosa, elemento construtivo da acción pastoral e vehículo óptimo para a oración, nunca cuestionado dentro da Igrexa, dende os Pais da Igrexa ata os nosos días.

E a liturxia, con música sempre. Cos seus silencios, máis poderosos se son alternados coa arte dos sons. Liturxia común no mundo católico e liturxias con elementos particulares en lugares especiais e de relevancia. Destaca sempre Santiago, a súa catedral, moi evidenciado isto no Códice Calixtino e propiciado por unhas características moi particulares e únicas, coa súa liturxia e paraliturxia especialmente propia. Non por iso negativa, senón grandemente enriquecedora⁵.

⁵ Cito ao respecto unha frase de don José M.^ª: "Baste dicir que, en toda a Idade Media, ningún santo como Santiago, nin sequera en Roma, San Pedro e San Paulo, goza dunha abundancia de textos litúrxicos comparable" (DÍAZ FERNÁNDEZ, José M.^ª, "Liturxia e devocións na Catedral de Santiago de Compostela", en *Ceremonial, festa e liturxia na catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, 2011). Lamento aquí non ter tido a ocasión de compartir con el o traballo que *Resonet* levou a cabo en colaboración co *B.R.E.M.F Community Choir* hai uns anos, e durante varios anos, no que "reconstruímos"

Compatible coa liturxia xeral da igrexa católica, pero ao mesmo tempo diferencial, con fundamentadas potencialidades ecuménicas, como corresponde a un dos tres templos máis importantes da igrexa romana. O botafumeiro é unha espectacular pero significativa mostra desa "diferencialidade" posible e enriquecedora. Elemento único no mundo católico, pero que forma parte indiscutible da liturxia festiva compostelá. A Música, tan ben definida na súa función e na súa irrefutable utilidade no Códice Calixtino. Estes foron temas de conversación recorrente con José M.^a Díaz nas moitas visitas que realicei ao arquivo da catedral⁶. Levábame ao arquivo a necesidade de investigar pero el sempre tiña un momento para conversar. Tamén a danza como elemento litúrxico presente nas grandes celebracións durante séculos no templo de Santiago e tantas veces certificado por peregrinos e documentos. Danza e liturxia. Música e baile. Historia e futuro da liturxia na catedral de Santiago. A Música como linguaxe común das persoas que peregrinaron e peregrinan. O altar da catedral compostelá como único centro de unión das músicas (polo tanto das culturas e das almas) de todos os pobos do mundo cristián durante séculos. Músicas vangardistas e das capelas de reis e de nobres, pero tamén as músicas das persoas máis humildes. Todas soaron diante da estatua sedente de Santiago convertendo ese lugar no centro da cultura occidental e de parte da oriental, da dos pobos de Europa, de Oriente Próximo...da Cristiandade. Estas foron temáticas de conversa permanente co aprezado arquivero e deán. Temáticas polas que, coma min, mostraba interese e paixón. Esas conversas deixaron, e

en "edificio sonoro", proxectado en varios concertos, seguindo as pautas derivadas das polifonías do Códice Calixtino, o espazo arquitectónico da desaparecida igrexa da abadía cluniacense de Lewes (Inglaterra). Para iso transcribimos monodías, reconstruímos polifonías -segundo o modelo do Calixtino-, interpretamos e dramatizamos as músicas das liturxias de San Pancracio e de Santo Tomás Becket contidas no Breviario de Lewes. Podo imaxinar preciosas conversas sobre a temática con don José M.^a nas que á súa curiosidade intelectual permanente engadiría as súas sempre xeniais e contrastadas achegas e respostas.

⁶ Sirva como exemplo do seu pensamento ao respecto o seguinte parágrafo: "A los espacios sagrados debe corresponder siempre la liturgia que les es propia. De lo contrario se ven reducidos a pura y simple monumentalidad. No sucedió tal con la basílica compostelana, porque en ella aconteció el prodigio de la palabra hecha homilía y sermón, plegaria y alabanza, muchas veces sustentada en las alas del verso y transportada jubilosamente por la monodía y la polifonía. Por ello, junto a la monumental iglesia, el Iacobus (Liber Sancti Iacobi) se ve elevado a la categoría de símbolo" (DÍAZ FERNÁNDEZ, J. M.^a, "Celebraciones descritas y textos litúrgicos del Iacobus", en José LÓPEZ-CALO e Carlos VILLANUEVA (eds.), *El Códice Calixtino y la Música de su Tiempo*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de La Maza).

continúan a deixar, importantes impulsos motivadores para sustentar o meu traballo diario coa música, cos instrumentos, as partituras, e alimentaron parte importante das buscas e creacións, e algunha descuberta, que durante anos realizamos con *Resonet* e os nosos colaboradores.

O DEÁN. RESPONSABILIDADES, PATRIMONIO, ESPIRITUALIDADE E ACCIÓN

Pero non só foron conversas. Tres momentos poden ilustrarnos dunha forma clara e precisa sobre o que eu penso que era José M.^a Díaz como persoa especialmente importante no relacionado con accións que abren camiños para avanzar no enriquecemento e valoración do noso patrimonio común, coa catedral de Santiago sempre coma centro de cultura e espiritualidade. Estes tres momentos exemplifican parte do que era a súa actitude cotiá. Sempre aberto ao enriquecemento, á reflexión intelixente e sobre todo, á toma de decisións firmes, consecuentes, valentes, importantes e necesarias. Isto é o que, xa dende unha perspectiva adulta, como amador e profesional da Música, podó dicir.

A Danza nos templos. O baile na catedral de Santiago

O primeiro exemplo comeza coas primeiras conversas que José M.^a Díaz e eu tivemos sobre a danza devocional na catedral de Santiago. No ano Santo Compostelán de 2004 *Resonet* levára a cabo un proxecto de concerto e gravación baseado na viaxe de Cosimo 3^o de Médicis a Santiago de Compostela, no contexto dunha grande exposición realizada no mosteiro de san Martiño Pinario. O MPdS, promotor inicial do proxecto, asumira a parte musical que sería materializada por *Resonet*. Esta consistiría nunha investigación que derivaría na gravación dun cd con documentación en cinco idiomas, difundido universalmente, que fornecería tamén de músicas á exposición física; tamén un libro/cd, un concerto e varios audiovisuais entre os que destacaba un documental. O concerto, seguindo un guión baseado nas crónicas da viaxe, mostraba con fidelidade e emoción as músicas da parte ibérica da viaxe do príncipe florentino. Para ilustrar a chegada a Santiago baseámonos na testemuña de Domenico Laffi, duns anos lixeiramente posterior á chegada de Cosme a Santiago. *Viaggio in Ponente* describe con detalle unha espectacular procesión dentro do templo compostelán. O concerto, realizado por *Resonet* na igrexa de san Martiño Pinario, incluía dúas danzas procesionais que lembraban con fidelidade aquela procesión. As danzas, prohibidas por Carlos III a finais do século XVIII estiveran presentes na catedral de Santiago en todas as grandes festividades e mesmo nas que eran aparentemente festas secundarias como a narrada por Laffi. E iso era o descrito polo peregrino boloñés en 1681. O cd e o cd-libro realizados por *Resonet* e por min, co patrocinio e colaboración do MPdS, así como o documental audiovisual, foron o resultado e a primeira mostra *in situ*

en tempos modernos do que serían aquelas danzas no contexto da liturxia propia da igrexa de Santiago (compartidas nestes aspectos, coas características diferenciadoras propias de cada lugar, con todos os templos importantes do mundo cristián de influencia ibérica nos tempos do Barroco).

A danza no interior dos templos sempre foi motivo de discrepancias por parte de eruditos relixiosos e profanos. Pero era unha das compoñentes importantes sempre presentes nas grandes celebracións. A danza era o impresionante recurso de representación da sociedade civil, do pobo, por dicilo dunha forma que se poida entender ben hoxe, na celebración relixiosa. Na realidade a división civil/relixiosa non se pode aplicar con “tranquilidade de conciencia” á sociedade anterior ao século XIX...é unha división algo forzada. As liñas que dividían o civil do relixioso non eran moi claras. Como exemplo, os gremios, organismos claramente civís, participaban activamente en actos festivos con alta compoñente relixiosa, e unha das formas máis visibles e solemnes eran as danzas. López Ferreiro e Pérez Costanti dannos moita información sobre esa participación e "intercambios" nas súas obras⁷.

É a través de descrições oficiais de festas onde vemos que a danza estaba sempre presente nas procesións das grandes festividades. Os diarios de peregrinos achégannos aínda máis á presenza das danzas nos templos. Precisamente a detalladísima descripción que da Domenico Laffi no seu relato de peregrinación a Santiago⁸ é o que quixera destacar aquí.

Varias veces falei con José M.^a Díaz, no seu despacho da catedral, desa temática e da descripción de Laffi. E un dos aspectos que máis nos chamaba aos dous a atención era o día do ano no que se produciu. O día da festa da Visitación da Virxe. Non lle parecía ao arquivista unha data de especial importancia dentro do calendario catedralicio. Máis tarde, casualmente, atopei unha información na capela do Rosario da igrexa de san Domingos de Bonaval, na que se di que no día da Visitación da Virxe se facía a gran procesión na catedral. A dúbida estaría entón aclarada. Os danzantes da confraría participaban sempre nesa procesión ata a prohibición de finais do XVIII. E iso correspóndese perfectamente co descrito por Laffi.

Foron moitas e interesantísimas conversacións co arquivista, bo coñecedor do noso traballo, sobre esta e outras temáticas por aqueles anos finais da primeira década do 2000. A permanente cuestión da liturxia propia da

⁷ Destacamos deles as seguintes obras: LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, 1898-1911; PÉREZ COSTANTI, Pablo, *Notas viejas Galicianas*, 1925-1927.

⁸ LAFFI, Domenico, *Viaggio in Ponente a' San Giacomo di Galitia, e Finisterræ*, Bolonia, 1681.

catedral de Santiago atraía a súa atención especialmente. En ningún momento observei reticencias a suxerir que a temática da danza, a danza devocional, da que hoxe hai dúcias de exemplos maravillosos en diferentes lugares de Galicia, sempre ou case sempre realizadas formando parte de actos relixiosos⁹, fora algo non recuperable nos espazos dos que era orixinaria, ou contrario á relixiosidade ou a respectabilidade do espazo relixioso, senón máis ben o contrario. Como persoa dunha cultura e coñecementos fora do común, a súa actitude sempre foi de escoita atenta e de respostas enriquecedoras.

A danza dentro da catedral. A ofrenda dos peregrinos de El Hierro

E chegou o día. Unha anécdota que define unha acción concreta pero modélica e exemplar de José M.^a Díaz. O feito que agora narramos precisaba rapidez de resposta, criterio sólido, autoridade consecuente, e moitos riscos. Pero a autoridade baseada no coñecemento e na bondade non ten medo. Relato aquí o sucedido:

O 17 de outubro de 2010, dende o meu apartamento na rúa de Casas Reais 12, escoitei o estrondo de tambores e pínfanos. Asumeime á xanela e vin moitos danzantes indo, bailando, cara á catedral. Ese é o último tramo do Camiño no que tantas veces vin grupos de peregrinos pasar nun estado emocional que lles facía interpretar cantos máis ou menos improvisados. Esta vez a danza estaba non só preparada senón tamén claramente asimilada. Eran danzantes da illa de El Hierro¹⁰ que ían en procesión á catedral de Santiago. Collín a cámara de fotos (que tamén grava vídeo) e baixe para acompañar os últimos metros da súa peregrinación. Preguntei a persoas que ían con eles se entrarían na catedral. Dixeron que non pensaban entrar e que non pensaban que lles darían o permiso. Chamei inmediatamente ao deán da catedral, don José María, para dicirlle que se achegaba un gran grupo de danzantes á catedral. Moitas das

⁹ Podo citar neste punto danzas como as de san Roque en Hío e en Betanzos, a de san Sebastián en Aldán, san Miguel en Marín, da Virxe do Cristal en Vilanova dos Infantes, do Corpus en Redondela, da Virxe da Lanzada, etc, etc. Todas elas realizadas durante procesións, exceptuando as de Betanzos. Ata hai moi poucos anos, e con posibilidade de recuperación, lembro a danza, realizada polos danzantes de Covas, no interior da igrexa do mosteiro de Armenteira o luns de Pascua. Foi na procesión da Virxe das Cabezas, única que en Galicia mantiña a tradición secular do baile devocional dentro do templo. Este ano 2026, por motivos do mal tempo, a danza recuperou tamén o seu lugar orixinario, o templo, en Aldán.

¹⁰ Na illa de El Hierro é destacable a procesión da "Virgen de los Reyes", do santuario da Dehesa, na que esta pasa por distintas poboacións acompañada por diversos grupos de danzantes nos últimos días de xullo e principios de agosto. Os danzantes que nese día peregrinaron a Santiago eran os da localidade de La Candelaria.

conversas con el sobre a danza na catedral e nos templos foran anteriores. A súa resposta foi súbita e acorde coa súa autoridade e sabedoría: “¡Acompañaos ata a porta da catedral da praza do Obradoiro, eu estarei alí para abrílles. E que entren danzando!”. Díxenlles aos responsables que poderían entrar na catedral. E así o fixeron. Visiblemente emocionados, despois de danzar sen pausa pola rúa do Franco, a rúa do Vilar, subir pola rúa de Xelmírez, chegar á Praza de Cervantes, baixar pola Acibechería e pasar polo arco do pazo de Xelmírez á praza do Obradoiro, entraron, sempre danzando e tocando, pola nave central da catedral ata diante do altar maior. Alí estaba don José M.^a para recibilos e agradecerlles solemnemente a súa ofrenda materializada en forma de danza. Foi a primeira vez, penso eu, que unha danza procesional dese tipo entrou no templo de Santiago dende a prohibición de Carlos III a finais do s. XVIII. Eu gravei coa miña cámara ese momento que poderíamos considerar histórico no contexto das peregrinacións a Santiago. O deán mostrou parte do seu saber e da súa altísima capacidade de tomar unha decisión importante con criterio e eficaz decisión, sabendo perfectamente que era acertada. Tamén os recibiu como o deán que neses momentos era, o maior representante do cabido catedralicio. A igrexa estaba chea de xente, peregrinos, turistas, cidadáns, fieis, que asistiron devotos e sorprendidos a semellante agasallo. A danza, e a danza procesional en concreto, mostraba así que era parte indivisible do entramado barroco, en pedra, prata, ouro e madeira, da catedral. A mensaxe espiritual e emocional do conxunto alí logrado converteríase nunha das máis preciosas e sentidas oracións ao patrón Santiago. Rezaron sen palabras, pero con sons de frautas, castañolas e tambores, representando estes sen sabelo a voz do trono. A voz do Boanexes, os danzantes, os anxos, as trompetas e os instrumentos representados nos órganos, todos baixo a amable ollada de Santiago e o seu intercesor nese momento, José M.^a Díaz. Falamos despois diso, no seu despacho. Quedou como unha afortunada casualidade pero tamén como unha demostración de que a danza devocional e procesional podería formar máis veces parte do precioso conxunto patrimonial/espiritual da catedral de Santiago e doutros templos. Non sería difícil convidar algúns dos grupos de danzantes dos diferentes lugares nos que aínda se mantén a tradición, ou simplemente abrílles as portas da catedral cando viñeran en peregrinación á casa do Apóstolo.

Anos despois, con *Resonet* realizariamos varios concertos nos que interpretamos músicas barrocas de mestres da catedral nos que incluimos danzas devocionais. A cerimoniaisidade, a elegancia e a espiritualidade das danzas hoxe existentes, pero as máis das veces "desterradas" do seu lugar máis lexítimo, o interior dos templos, quedou patente nos concertos e chegou aos corazóns dos asistentes movendo os seus afectos e provocando a súa emoción e

admiración¹¹. Así presenciamos a unión dos patrimonios arquitectónico, escultórico e musical nun conxunto patrimonial único, espiritual e cultural, divino e humano. No último concerto realizado por *Resonet* na catedral, para a presentación do cd *Chacona. A canción de Santiago*, e no que tamén incluimos diferentes danzas que estaban documentadas como presentes nos templos, a miña curiosidade fixo preguntarlle ao finalizar o concerto ao arcebispo don Julián Barrio, que presidira dende a primeira bancada o concerto, que lle pareceran as músicas e as danzas. A resposta foi sincera e directa: "moi ben". Nese momento lembrei as conversas con José M.^a Díaz sobre as danzas nos templos, na catedral en especial, e o xa longo percorrido iniciado coa emotiva entrada da peregrinación dos danzantes de El Hierro.

As Músicas do Códice Calixtino... Na catedral de Santiago

Despois de varios proxectos de investigación e publicación de gravacións documentadas sobre ámbitos do patrimonio musical xacobeo que non foran tratados anteriormente¹² o ano 2010 sería o que *Resonet* dedicaría ao principal repertorio compostelán: O Códice Calixtino. Co interese na investigación do repertorio musical relacionado con Santiago, sempre co apoio do MPdS, subitamente vimos a necesidade e oportunidade de gravar obras do Códice Calixtino. O meu amigo Manolo Cuns, rexente dunha tenda da rúa da Acibechería, e gran afeccionado á música (fora neno cantor na escolanía de San Francisco Xavier, en Santiago), pedírame consello sobre as mellores versións do Canto de Ultreia (*Dum Pater Familias*) e das obras do Calixtino. Moitos visitantes, peregrinos e turistas pedíanlle gravacións do famoso Canto de Ultreia. Aconselleino dándolle referencias de gravacións realizadas por especialistas recoñecidos mundialmente na Música Antiga, pero poucos días despois comunicoume que todas estaban esgotadas. As únicas opcións eran achegas

¹¹ O concepto "actuación musical" ou "concerto" actual non é incompatible, seguindo parámetros de respecto, veracidade histórica, fundamento temático, con prácticas documentadas en templos en épocas pasadas. Por exemplo, podemos citar a testemuña referida ao "servizo" do día de Tódolos Santos de 1726, na catedral compostelá, dada polo peregrino xastre Guillaume Manier cando describe a música interpretada por *tres violíns, unha espineta, unha trompeta, varios baixos (de corda frotada e de vento) e outros instrumentos que facían unha "melodía" encantadora*, precedida dunhas músicas de órgano.

¹² *Resonet* na esa altura xa publicara, sempre en colaboración co MPdS, os traballos: *La Grande Chanson*. Músicas de peregrinación. Francia, ss XVII e XVIII, *¡Santiago! Música e peregrinacións na Europa do Renacemento*, *Les Pellerines*. A Moda da peregrinación na Francia do Barroco e *Il Pellegrino*. A Música na viaxe a Compostela de Cosimo III de Médicis, xunto co libro/cd *Zarabanda para o Gran Duque*, sobre a mesma temática.

amateurs de pouca calidade e que en nada representaban a altísima calidade e refinamento dese repertorio, á altura - temporal e artística- do Pórtico da Gloria. Consideramos que era o momento para que *Resonet* afrontara esa importante tarefa. Preparamos o proxecto e o presentamos ao Museo das Peregrinacións e de Santiago. Foi aceptado. *Resonet* realizaría un cd dobre con músicas do Códice Calixtino e cantos de peregrinación medievais co patrocinio do MDpS. O lugar elixido para a gravación sería inicialmente a igrexa do mosteiro de Oseira. O templo románico dese mosteiro, xunto coa posibilidade de albergar aos membros de *Resonet* durante varios días en recollemento monástico era a escolla. A opción de gravar na catedral parecéranos *a priori* excesivamente complexa.

A tres semanas do inicio da gravación xa con todo o material musical e complexos aspectos organizativos e estratéxicos preparados¹³ e coa reserva da hoxpedaría e da igrexa de Oseira confirmada, entraba eu na praza da Quintana, vindo de Praterías. Á altura da Berenguela atopeime con don José M.ª. Probablemente viña das Mercedarias e ía cara á catedral. Encontrámonos case en paralelo. Saudoume, coma sempre, con afecto sincero.

Como saúde inicial díxome directamente:

-Que estades preparando con *Resonet*?

A miña resposta, alegre, sabendo que compartía unha boa noticia que sería recibida con entusiasmo, foi:

-En poucas semanas faremos unha gravación... con músicas do Calixtino!

-E onde o gravaredes?

-Na igrexa do mosteiro de Oseira...

-Non pode ser! Vós tedes que gravar o Códice Calixtino na catedral de Santiago!

Eu inicialmente non atopei palabras para responder rapidamente. Evidentemente o seu ton era impositivo pero moi amistoso e inmensamente xeneroso. Aínda que era a opción musical e patrimonialmente óptima, eu nin a

¹³ Para a gravación fora necesaria unha nova versión de todas as obras a partires do orixinal. A transcripción de referencia realizada polo musicólogo xesuíta José López Calo excluía para o noso asombro a importantísima compoñente rítmica. A transcripción diplomática feita por min mostraba unha riqueza e variedade ata o momento descoñecidas e evidenciaba a necesidade dun alto nivel de virtuosismo para a súa realización musical. Só precisábamnos de cantantes e instrumentistas con capacidade para darlles luz. Os membros de *Resonet* podían afrontar ese alto reto.

contemplara pola extrema dificultade que podería implicar só o feito de solícitala. Pero se o deán da catedral estaba convencido e xa daba o seu visto bo, eu non ía contradicilo. Non sería doado pero non podía rexeitar semellante regalo da deusa Fortuna... Confirmeille alí mesmo que *Resonet* gravaría o dobre cd *Canto de Ulteia* na nave central da catedral de Santiago. Tentaríamos estar á altura de tan alto honor.

Probablemente ese foi o momento máis importante da traxectoria de *Resonet*. Gravar as músicas do Códice Calixtino no lugar para o que foran feitas sería o maior dos privilexios e a maior das nosas responsabilidades. Para min, unha alegría inmensa volvendo ao sagrado lugar da miña infancia para realizar un proxecto tan importante. Inmediatamente cambiamos os plans e en poucos días xa estabamos facendo resoar e gravando as músicas medievais das festas e dos peregrinos de Santiago no seu propio templo. A satisfacción e ledicia dos músicos e cantantes sumouse ás súas altas capacidades como intérpretes expertos e experimentados. Os primeiros sons revelaron que a catedral se comportaba de forma case humana. Só aceptaba sons emitidos cunha técnica vocal impecable, ben proxectada e precisa, sen vibratos aleatorios. E sons xerados por instrumentos construídos por *luthiers* expertos, tocados con mestría. O resultado quedou plasmado nunha gravación que a día de hoxe segue a ser o referente principal das primeiras polifonías da música occidental, compostelás. Un patrimonio sonoro que acompaña as comunicacións audiovisuais do Museo da catedral e do MPdS, formando un todo emocional, estético e espiritual indivisible co resto do patrimonio artístico.

Indescrrible é o momento no que unha vez pasado todo o proceso de posproducción entrei no despacho do arquivista e deán con dúas caixas de cds de *Canto de Ulteia*, encabezados cada un deles pola impresionante imaxe da cara do Santiago sedente do Pórtico do mestre Mateo. Sei ben que eses cds chegaron a mans de persoas que o apreciarían na medida que lle corresponde.

Precisamente un exemplar dese dobre cd, con completas informacións e documentación en varios idiomas chegou ao que fora o meu mestre na catedral, Nemesio G^a Carril. Este chamoume por teléfono entusiasmado, despois de moitos anos sen contacto, para mostrarme o seu agradecemento por ter realizado semellante traballo... e na catedral de Santiago. O destino faría que tanto o mestre como o deán, compañeiros no cabido alá polos anos setenta, deixaran este mundo nos días cercanos á festa do Apóstolo, en xullo de 2025.

Festa Días. O aniversario da consagración da catedral e o Patrimonio Histórico Musical

As conversacións sobre música e arte, liturxia, espiritualidade e peregrinación, despois da produción de *Canto de Ulteia* continuaron con máis

asiduidade. Presentaríase pronto unha nova situación que levaría novamente a *Resonet* a gravar outro cd, e esta vez con concerto, na catedral de Santiago. Co motivo do oitavo centenario da consagración da catedral no ano 2011, o MPdS e o Consorcio da Cidade de Santiago encomendarían a *Resonet* a produción dun cd baseado nesa efeméride. Coa experiencia cercana da gravación de *Canto de Ultraia*, o pouco tempo co que se contaba para a realización do proxecto non foi problema. Puxémonos inmediatamente en marcha. A confirmación do permiso da catedral para realizar a gravación foi rápida. Mercedes Hernández e eu puxémonos a traballar no deseño dos contidos da gravación. O guión dramaturxico do concerto serviu tanto para a gravación coma para o concerto. Os textos en latín da consagración, orixinariamente declamados polo rei de León e Galicia Afonso IX, foron maxistralmente recitados polo tenor hispano-suízo Felix Rienth. Os cantos do Códice Calixtino e de peregrinos xacobeos da Idade Media, misturáronse nun percorrido dinámico e emotivo, cos textos breves das cruces da consagración, visibles nas naves e na xirola da catedral. A estrutura paralitúrxica adaptaríase tanto ao cd como ao concerto, no que movementos de varios intérpretes ao longo da nave central combinados cos cantos e pezas proxectadas dende o presbiterio fornecerían ao concerto dunha emotividade e cerimoniaisidade propias de tal celebración.

A implicación de José M.^º Díaz neste proxecto foi, como eu esperaba, total. Bo coñecedor do noso traballo, e grandísimo defensor do *Libro de Santiago*, en especial da súa concreción no Códice Calixtino, inicialmente foi partícipe da idea de estruturar o programa de concerto seguindo a guía que proporcionaban as cruces de consagración e tendo como momento central as palabras do rei Afonso. Uns días antes do concerto na catedral presentou xunto comigo o proxecto á prensa e aos medios. Coa súa maxistral retórica, no espazo do refectorio do pazo de Xelmírez, eloxiou o Calixtino e describiu a iniciativa con entusiasmo. Destacou alí a importancia da Música como elemento esencial no patrimonio catedralicio e na liturxia, en especial na relacionada coas festividades de Santiago e a catedral xacobeas.

Neste punto quixera eu destacar algo que chamou poderosamente a miña atención e podería ser de moita utilidade no percorrer das accións que no futuro poderían derivar na maior ou menor presenza e na calidade (en aspectos que transcenden tamén á execución sonora) da música nos templos católicos¹⁴.

¹⁴ Non digo aquí: "nos templos cristiáns". Sei, polos meus nove anos de estudo continuados en Alemaña, que a música goza de moi boa saúde na igrexa protestante alemá. Pero tamén na católica ten moi boa saúde nese país. Na mesma facultade de Música onde eu estudei Música Antiga había as especialidades de Música da Igrexa (nas modalidades de protestante e católica). Penso que os modos de financiamento e outros

Pensaba eu que José M.^ª Díaz escoitara con atención o dobre cd *Canto de Ulteira*. En realidade non tiña ningunha dúbida. Pero ese repertorio non o estreáramos en concerto na catedral. Por outra banda, xa coincidíramos en presentacións de outros proxectos de *Resonet* no Museo das Peregrinacións e de Santiago, pero neses casos as interpretacións foran co grupo *Resonet* na súa versión de pequeno formato. Case sempre na biblioteca do museo. Nunca nos escoitara nun gran templo e, por conseguinte, tampouco na catedral. A súa experiencia musical na catedral consistía, aparte dos cantos nos que el mesmo participara comunitariamente na liturxia gregoriana das horas cada día, en escoitar os cantos que eran habituais nas celebracións, durante moito tempo interpretados pola escolanía e os cantores¹⁵, e posteriormente pola capela de Música da catedral, case sempre proxectados dende a tribuna con amplificación e normalmente os domingos e días de festa. Pero tamén tiña a experiencia relativa a diferentes momentos nos que a Música Medieval fora interpretada por grupos *amateurs* representativos, case sempre, en prexudicial confusión ou de

aspectos administrativos e culturais teñen moito que ver en que esa boa saúde se traduza na existencia de infinidade de postos de organistas e directores da música (*Kantor*), e mesmo dun dinamismo musical moito máis "normalizado" nos países norteeuropeos que nos países da Europa do sur.

¹⁵ Cabe lembrar aquí algúns dos cantores profesionais que, seguindo a tradición ininterrompida, formaban parte da capela da catedral, activa dende a Idade Media ata mediados dos anos oitenta do s. XX. Baixos como don Enrique Castiñeiras, tenores como Jaime Jiménez, ambos de voz potentísima e prodixiosa, o salmista e barítono José Botana, ou o magnífico tenor Eliseo Bao, tamén salmista. Manuel Alvite, tenor de preciosísima voz, o contralto de penetrante e potente voz Manuel Ameneiro Lata ou o sochantre Antonio Suárez Carneiro, do que, segundo o mesmo José M.^ª Díaz, durante decenios "su voz se impuso poderosa ahogando disonancias y asegurando la vibración solemne del canto canonical y el de toda la asamblea litúrgica" (DÍAZ, J. M.^ª, "Elogio de un gran cantor", *El Correo Gallego*, 27 setembro 2008). Unha característica compartían estes cantores: o de ter dedicación profesional permanente, nalgúns casos compartida con outras profesións, e ningún trazo de amateurismo ousado. José M.^ª Díaz escoitou todos os días, na misa de coro e en todas as grandes festividades esas voces, que eu tamén lembro con nitidez e espírito crítico moi respectuoso. Eran voces movidas polo oficio e a emoción, moi difíciles de esquecer, continuadoras dunha longa tradición. Certo é que algunhas das interpretacións que facían de obras de autores importantes como Victoria, Palestrina ou Viadana poderían ser cuestionables baixo os amplos parámetros actuais, pero o que é totalmente incuestionable é que eses cantores e o grupo que formaban portaban e mostraban algo necesario, e bastante escaso en grupos que hoxe se consideran especializados na interpretación deses repertorios: a "emoción na voz". José M.^ª Díaz tiña coñecemento de primeira man destas voces e da música. As dúbidas sobre a seriedade de certas interpretacións non eran infundadas.

xeito obxectivamente perverso, do patrimonio medieval compostelán e galego. Sen ánimo de entrar en profundidades no que respecta a esta crucial temática, e remarcando que eu son un gran defensor da interpretación da música por parte de persoas afeccionadas, continuo o relato.

Cal foi a miña grandísima sorpresa que, dous días antes do concerto, don José M.^a soltoume unha das súas frases que, para quen non o coñecera, poderían parecer desconcertantes e mesmo ferintes. Despois dunha reunión na que falamos de detalles organizativos, ao despedirnos, miroume aos ollos parecendo querer dicir algo importante. Pregunteille que cuestión era esa. Primeiro díxome: "non te preocupes, non é nada importante". Pero eu insistínlle. Finalmente espetoume: "a verdade é que... as interpretacións de Música Medieval que fan os grupos de Música Antiga..." Costoulle dicilo, pero finalmente o liberou: "esas interpretacións danme a risa...". Sorprendeume moito, pero na altura xa o coñecía bastante. E tamén coñecía moitas achegas predominantes nos grupos "especializados" na Música Antiga e claramente *amateurs* locais que presentaban as súas actividades no ámbito do tratamento patrimonial que debería ser competencia exclusiva de profesionais con formación e calidade contrastada. Moitas desas actuacións, apoiadas por institucións e fundacións importantes foran feitas na mesma catedral de Santiago non moito tempo atrás. Nelas, nin instrumentos nin voces tiñan un mínimo percorrido acústico nin, consecuentemente, artístico. A expresión do arquivista e deán non era para tanto. Era mesmo correspondente cunha realidade próxima. De feito, eu coincidía, quizais con outro matiz emocional máis cercano á tristura, na principal motivación da súa expresión "danme a risa". O tratamento por parte de *amateurs* dos tesouros musicais do noso patrimonio, estando este á altura do Pórtico da Gloria, das torres da fachada do Obradoiro ou a capela maior da catedral, con apoios das institucións dende hai decenios, provocaba e provoca, comparativamente, unha especie de caricatura do patrimonio musical¹⁶ e, en

¹⁶ Esta cualificación de "caricatura" non sería a mesma si as accións *amateurs* se moveran e se presentaran no amplo ámbito que terían naturalmente reservado. O problema grave dáse cando as administracións, representadas por persoas concretas, abren convocatorias relacionadas coa difusión e recuperación do Patrimonio histórico-musical ou aceptan proxectos e adxudican os presupostos, ás veces substanciais, a formacións e persoas que non teñen dedicación profesional nin a preparación para afrontar eses repertorios respondendo aos criterios máis básicos de recuperación, conservación e difusión que ese patrimonio musical require. Eses criterios rexen a formación recibida nos centros de ensino especializados. Por suposto, a práctica *amateur* da música é un ben da sociedade e pode e debe ter os seus apoios institucionais para ser practicada, difundida e integrada nos ámbitos e términos que lle son propios, nunca nos que non lle corresponden. Calquera comparación do que está a

certa maneira, unha visión moi distorsionada do patrimonio relacionado. Esta achega *amateur* á música, cando se trata de mostrar patrimonios artísticos importantes, tería unha correspondencia impensable en accións similares no tratamento de obras e conxuntos patrimoniais noutros ámbitos como a escultura, a pintura, a arquitectura ou a pratería. A resposta que se me ocorreu, sabedor de que José M.^a Díaz presentaría o concerto e permanecería ata o final, foi dicirlle que falaríamos despois do concerto e eu asumiría estoicamente a súa apreciación e valoración. Sabía que el diría o que pensaba. E eu, independentemente da resposta, o agradecería. En realidade eu era consciente de que *Resonet* non era un deses grupos dos que falaba e que provocaban tan patéticos efectos. Pero quen sabe... Quedeime bastante preocupado.

No día 25 de xuño de 2011 estaba previsto o concerto de presentación de *Festa Dies. A consagración da catedral de Santiago 1211*. Tamén coa colaboración do MPdS, foi o único proxecto de *Resonet* patrocinado polo Consorcio da cidade de Santiago. O concerto foi na catedral e a asistencia de público foi plena. Desenvolvemos o programa tal e como aparece na gravación no cd. A dramaturxia desenvolveuse, como xa está dito, con movementos lembrando as paradas procesionais nas cruces de consagración, alternando con pezas do Códice Calixtino e de obras medievais relacionadas con Santiago procedentes de diferentes tradicións. Por suposto non empregamos amplificación. Así a mesma catedral converteuse nun membro máis de *Resonet*, respondendo os seus muros e formas arquitectónicas aos sons emitidos por instrumentos e voces. Introducións da cítola, da chirimía, da fídula, da gaita, das frautas, cantos solísticos da preciosísima liturxia xacobeá contida no Calixtino, interpretados por cantantes como Mercedes Hernández ou David Sagastume, colaboradores habituais en grupos de prestixio mundial como a *Capeia Reial de Catalunya*, ou Felix Rienth, iniciado na música como neno cantor da catedral de Basilea ou Juan Díaz de Corcuera, especializado, como Mercedes na *Schola Cantorum Basiliensis*, o centro de formación na Música Antiga máis importante do mundo. E os experimentados instrumentistas de *Resonet*. Todos, con fortes vínculos musicais e emocionais coa catedral na que xa graváramos tres cds (os dous de Canto de Ultreia e o novo *Festa Dies*) en menos de un ano, realizamos un concerto emotivo e no que o público respondeu con xenerosos aplausos e palabras de agradecemento.

Non se apagara a resonancia do último aplauso cando don José M.^a veu cara min e esta vez espetoume outras palabras que aínda resoan na miña memoria: "Isto é unha revelación!". Quedara impresionado e, como el era, así

pasar, e continuará pasando, co patrimonio histórico musical con outros ámbitos patrimoniais evidenciaría o aberrante que a práctica referida en realidade é.

manifestaba a súa opinión. Segundos despois díxome, con firmeza e calma que teríamos que comezar a traballar na rememoración das vísperas da festa de Santiago descritas no Códice Calixtino. Aquel concerto sería, de realizarse, a base dunha recreación anual, cada 24 de xullo, das vésperas de Santiago centrada no traballo mostrado por *Resonet* no concerto recentemente acabado. Eu, aceptei o reto e xa estaba disposto a traballar nesa nova tarefa. Sabía que don José M.^a non diría algo así si non fora totalmente consciente e consecuente. Desgraciadamente, esa desafiante e esperanzadora proposta veríase subitamente truncada menos dunha semana despois coa desaparición do Códice Calixtino.

CONCLUSIÓN. LEMBRANZA E MEMORIA DUN CABALEIRO DE SANTIAGO

Todo este relato ten como principal obxectivo destacar algúns trazos da personalidade de José M.^a Díaz que o fixeron ser unha persoa totalmente excepcional. Pero tamén foi unha persoa moi importante por ser alguén que, guiado polo seu coñecemento, a súa dinámica personalidade e, o digo sen ningunha dúbida, por unha firme e permanente vontade de facer o ben, así como pola constante intención, concretada en diferentes accións, de devolverlle á catedral de Santiago a súa inmensa e referencial importancia dentro do mundo civilizado. A clara necesidade e factible posibilidade de que a catedral de Santiago integrase nas súas celebracións litúrxicas elementos propios, seculares, pero de enorme potencial de futuro estaba entre as súas conviccións. Non sería nada novo. A catedral xa estivera nesa posición en épocas pasadas. Nesa liña sería posible integrar moitas das músicas contidas no Códice Calixtino, interpretadas por cantores e instrumentistas capacitados e expertos, dunha vixencia completamente compatible cos nosos días e, sobre todo, co que é hoxe a catedral, un templo románico, a "soberbia igrexa", viva e actual, e todas as posibles novas creacións musicais que poderían ir xurdindo pola acción de compositores actuais e futuros. Manifestou a súa opinión ao respecto e, sen dúbidas, moveu o que estivo da súa man para ir nesa dirección. Dirección perfectamente compatible coas formas litúrxicas propostas por Roma. Non menos dunha vez comentoume que fixera todo o que estaba da súa man para poñer o arquivo catedralicio á disposición dos estudantes da Universidade de Santiago que quixeran centrar as súas teses doutorais e investigacións nos compositores e obras relacionados coa catedral compostelá. Era e é necesario coñecer mellor o inmenso patrimonio musical do arquivo catedralicio. Coñecer o patrimonio musical é estudalo, difundilo, interpretalo en concertos e en gravacións. Paso este moi importante para que ese patrimonio vexa a luz coa calidade que merece, incorporándose ao conxunto patrimonial que, noutros ámbitos, se está desenvolvendo con resultados tan sorprendentes e

emocionantes.

A Música, na que a catedral de Santiago fora referente na Idade Media, proporcionando o maior elemento definidor da música occidental, a polifonía, e nos tempos do barroco creando modelos que serían imitados en toda a península ibérica e en toda América, era un importante recurso que podería contribuír enormemente a devolver a Compostela a súa máxima expresión de espiritualidade, a súa forza e o seu digno e referencial lugar no mundo.

Compostela fora berce de músicas e de ritos propios como os descritos por Domenico Laffi, nos que os grandes bombos retumbaban nas paredes do templo representando a voz do Fillo do Trono e alternando coas músicas da capela catedralicia, coas danzas devocionais e coas voces das mulleres cantando acompañadas polas súas pandeiretas. Hoxe desconectados da tradición xacobeá, aqueles bombos resoan nas montañas de Ourense, na interesante prisión do Entroido, e do norte de Portugal en todas as festas relixiosas e populares. Folións que non son máis que a xénese viva da *Folía*, danza que como a *Chacona* e o *Pasacalle* forman parte indivisible do patrimonio universal. Todos con orixe na catedral de Santiago.

Temáticas que afloran pouco a pouco, co contacto permanente e durante decenios coas músicas antigas e coas músicas, cos textos e con documentos relacionados con Santiago e os seus camiños... Con seguridade serían motivo de maravillosas conversas con esa persoa inesquecible que foi don José M.^a Díaz. Algúns días imaxino, como podería suxerir o seu admirado Francisco de Quevedo, diálogos con el baseados nestes obxectos e temáticas. En certo sentido aquelas conversas seguen, ás veces imaxinando as súas respostas, outras lendo os seus orixinais e intelixentes textos, onde se atopan respostas e dan pé a novas propostas e ideas. Especialmente os contidos no libro *En torno a lo jacobeo*, que un día de triste memoria me regalou con orgullo, sabendo que o lería e o entendería, con preciosa dedicatoria:

A Fernando Reyes
con admiración y
afecto, deseándole
el reconocimiento
que tanto merece.
5.VII.2011

Non sei si ao momento de escribir a dedicatoria era consciente de que, co seu recoñecemento mostrado durante tantos anos, o desexo xa estaba amplamente concedido.

O meu agradecemento tradúcese así na forza para continuación da viaxe

case imposible consistente en dar á música patrimonial relacionada coa catedral, con Santiago e co Camiño, entendida como patrimonio cultural, artístico e espiritual, o lugar que lle correspondería no ámbito das accións dos diferentes axentes e administracións que deberían ser os seus garantes. A cuestión básica, que entendeu á perfección e así mo mostrou e demostrou José M.^ª Díaz, é que sen a Música patrimonial e histórica, tratada cos mellores recursos, non se pode entender, gozar e apreciar nin o conxunto do patrimonio artístico e cultural nin o seu correspondente espiritual no ámbito xacobeo. Sen ela sempre será un patrimonio eivado e incompleto. A Música, como elemento de gran valor, é parte esencial da liturxia e dos momentos máis festivos e máis emotivos do ano. Precísase o apoio en “feitos” e o apoio humano ao inxente e moitas veces desprezado e ignorado traballo de restaurar con rigor e profesionalidade esa parte tan importante do patrimonio cultural e espiritual da igrexa, do ámbito xacobeo e, en definitiva, da humanidade. Don José M.^ª Díaz foi un exemplo totalmente vixente desa actitude concretada en feitos e dese apoio humano tan necesario que continua ter os seus efectos no noso traballo cada día.

Para rematar este texto pensei que era oportuno citalo nunha das súas propias e inspiradoras frases, que pode ser retroproxectada a él mesmo:

236

No es cuestión de declamar, sino dejar constancia en los debidos términos. Cuando lo legendario penetra los acontecimientos acelerando la marcha de la historia, queda incorporado a la historia misma y ya no es lícito posponerlo e ignorarlo¹⁷.

Así, lendario, quedará sempre na historia e na memoria da catedral de Santiago e da cultura xacobeá, o cabaleiro José María Díaz Fernández.

¹⁷ DÍAZ FERNÁNDEZ, J. M.^ª, "Santiago y América. Sentido y alcance de una Exposición", no catálogo da exposición *Santiago y América*, Santiago de Compostela, 1993.